



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ELABORACIÓN DO ESTUDO
“O GALEGO NO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX: O NACEMENTO DAS IRMANDADES
DA FALA”**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 11 de abril ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Consello da Cultura Galega para a realización dun estudo de investigación conxunto sobre o nacemento das Irmandades da Fala e os aspectos relacionados co uso da lingua galega e de reivindicación identitaria que xurdiron coa súa creación hai un século.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Consello da Cultura Galega é unha institución estatutaria, creada ao abeiro do disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía, mediante Lei 8/1983 do 8 de xullo. Cun carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, ao Consello da Cultura Galega compételle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

Entre os obxectivos do Consello da Cultura Galega figura analizar as cuestións referidas ao patrimonio cultural e ao fomento da lingua e da cultura galega. Con esta finalidade creouse o Centro de Documentación Sociolingüístico de Galicia que pretende recompilar a documentación sobre a lingua galega e poñer a mesma a disposición dos investigadores.

Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha institución dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, como entidade de Dereito Público que

desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, constituíndo un dos principais referentes no labor de investigación sobre a lingua galega.

No ano 2016 celébranse os cen anos do nacemento das Irmandades da Fala. Xa que logo, con vistas á celebración deste centenario, o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela teñen previsto elaborar conxuntamente un estudo sobre “O galego na primeira metade do século XX: o nacemento das Irmandades da Fala”.

Os obxectivos desta investigación son os seguintes:

- A) Análise do contexto histórico e social, no que aparecen as Irmandades da Fala.
- B) A loita pola reivindicación e dignificación da lingua galega: o contexto sociolingüístico da Galicia dos anos 20 e a construción da lingua como elemento identitario.
- C) O papel das Irmandades da Fala nos comezos do galeguismo: o seu ideario e estratexias de actuación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 11 de abril de 2016